FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Campionato de Galicia Rallyes 2020

1ª COUPE DA LUZ - RDM 2020

PROXECTO

CAMPIONATO DE GALICIA

DA LUZ RACING PARTS DEVELOPPEMENT

RDM COMPETICION RALLYE·RACING·OFFROAD·KARTING

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:
“Recambios DMolinos Competición”, e “Da Luz Developpement organizan para o ano 2020 a **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**. O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2020, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- PARTICIPANTES:
A) Licenzas: Posuílas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto, copiloto, e asistencia que permitan participar nas probas indicadas no art. 5.
B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.
C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte, pero si participar noutras o mesmo tempo.
D) **“Recambios DMolinos Competición”, e “Da Luz Developpement”** resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020** sen ter que xustificalo.

Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:
Os vehículos admitidos serán de tódalas Agrupacións.
Tódolos participantes terán que comprar alomenos unha liña de escape de “**Da Luz Developpement**” o concesionario oficial Recambios Dmolinos Competición (molinos_m@yahoo.es), telf.: 664 790 473.

(2) Liña

(1) Colector

Artigo 4.- INSCRICIÓNS:
Tódolos interesados en inscribirse na **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020** deberán facelo enviando a folla de inscrición “online” en www.fga.es.
Nun prazo non inferior a 10 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar. Terase que inscribir obrigatoriamente. **A inscrición a partir da tempada 2020, e vindeiras, é gratuíta,** pero terase que adxuntar factura dunha liña de escape, de “**Da Luz Developpement**”, por partes, ou completa, (1) ou (2) a mercar indistintamente. Antes de finalizala tempada 2020, para aparecer na clasificación final, tódolos equipos terán que ter mercadas, e instaladas no vehículo de competición,

alomenos na última proba do Campionato con inscrición e participación, o colector (1) e a liña de escape (2). De non facelo desaparecerá da clasificación e non optará a clasificación final nin os trofeos finais da Gala 2020-2021, entregados pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- PROBAS:
Para a **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**, serán validas as dez probas do Campionato de Rallyes, que son puntuables para o Campionato Autonómico de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

RALLYES			2020
DATA	PROBA	ESCUDERÍA	COEF.
28/29-02-2020	24º RALLYE CORUÑA	ONE SEVEN	7
16/17-10-2020	42º RALLYE RECALVI-SAN FROILAN	MIÑO LUCENSE	7
13/14-11-2020	2º RALLYE RECALVI-MARIÑA LUCENSE	MIXRALLYE SPORT	8
11/12-12-2020	28º RALLYE BOTAFUMEIRO	SANTIAGO	8

Artigo 6.- PREMIOS:
Os premios finais da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**, serán

Premios finais
1º 3.000 € e Trofeo de Bronce (Piloto e Copiloto).
2º 2.500 € e Trofeo de Bronce (Pilolo e Copiloto).
3º 1.500 €
4º 1.000 €
5º 1.000 €
6º 1.000 €

Tódolos premios deste apartado son concedidos “Recambios Dmolinos Competición” e “Da Luz Developpement”, e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 7.- PUNTUACIÓNS:
En cada unha das probas puntuables para a **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente da proba:

PUNTUACIÓN POR PROBA			
CLASIFICACIÓN 1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020 (C)			
1º	30 PUNTOS	9º	8 PUNTOS
2º	25 PUNTOS	10º	6 PUNTOS
3º	20 PUNTOS	11º	5 PUNTOS
4º	18 PUNTOS	12º	4 PUNTOS
5º	16 PUNTOS	13º	3 PUNTOS
6º	14 PUNTOS	14º	2 PUNTOS
7º	12 PUNTOS	15º	1 PUNTO
8º	10 PUNTOS		

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: P= K *C, sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**.
A clasificación final da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas ata un total de seis.

Artigo 8.- PUBLICIDADE:
Disposición da publicidade nos vehículos, que será aportada por Recambios Dmolinos Competición, e enviada por mensaxería ós equipos participantes.



Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**. **Nas portas dianteiras terase que** portar a publicidade da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**, sopena de exclusión.
No caso de necesitar unidades adicionais de adhesivos para o vehículo, ó longo da tempada, xa sexa por accidente ou polo motivo que sexa, terase que solicitar a, Recambios Dmolinos Competición, sen cargo nin custo ningún, o cal será enviado pola mensaxería con custo da mesma e con gratuidade das pegadas.

Artigo 9.- COMISARIO DE SEGUIMENTO:
O Comité nomeará unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e licenciada, para facelo seguimento de todo o concernente o bo desenrolo da Copa, nas verificacións técnicas de cada rallye, así como das pegadas e do escrupuloso cumprimento do regulamento técnico, e da verificación da liña de escape, 1 ou 2, ou completa.

Artigo 10.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:
Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarase ós inscritos mediante un complemento, con publicación na páxina de Internet (http://www.fga.es).

Artigo 12.- APLICACIÓNS DO REGULAMENTO:
Polo mero feito de asinar o boletín de inscrición da **1ª COUPE DA LUZ-RDM 2020**, o participante comprométese a aceptar e acatar o Anuario da Federación Galega de Automobilismo 2020.
Os casos que non estean previstos neste regulamento, así como as dúbidas da súa interpretación ou aplicación, serán resoltos polos órganos de goberno da Federación Galega de Automobilismo.

DA LUZ RACING PARTS DEVELOPPEMENT

RDM COMPETICION
RALLYE·RACING·OFFROAD·KARTING